



AS PEQUENAS COUSAS

De como os obxectos gardaron
unha memoria perseguida

Tamén nos han quitar o nome: de querermos conservalo, temos que encontrar no noso interior a forza para facelo, facer por algún medio que detrás do nome, quede algo de nosoutros, de nosoutros tal como eramos. Sabemos que nisto dificilmente seríamos comprendidos, e está ben que así sexa. Pero que cada un considere, canto valor, canto significado está contido até nos nosos máis pequenos hábitos cotiáns, os nosos mil obxectos que até o mendigo máis humilde posúe: un pano, unha vella carta, a fotografía dunha persoa amada. Estas cousas forman parte nosa, case coma se fosen membros do noso corpo; non podemos pensar sequer en sermos privados delas no noso mundo, pois habíamos de encontrar outras para substituír as vellas, outros obxectos que son nosos porque custodian e suscitan as nosas lembranzas.

Primo Levi

Se isto é un home

PEQUENAS COUSAS ESCONDIDAS NUN RECUNCHO DUN PETO

Jesús Javier Celemín Santos

Concelleiro de Educación e Memoria Histórica

Pequenas cousas... para seren escondidas nun recuncho dun peto, na dobra dun mandilón, nunha caixa de zapatos. Pequenas cousas que pasan desapercibidas aos ollos daquelas persoas que ignoraron eses tempos da guerra de 1936 e non se preocuparon por indagar nos libros de historia ou simplemente ven neles obxectos vetustos sen ningún valor para expoñer. Pequenas cousas... que sen seren relevantes, na súa aparencia insignificantes, son obxectos que, se nos detemos durante un minuto diante deles, son capaces de romper o seu silencio e berrarnos de súpeto o triste final dos seus donos, de contarnos a verdade amarga dun destino, de describir as pinceladas dunha España gris, sen música, sen liberdade de ideas. Unha España engurrada, con cheiro a sangue, a pólvora, a sucidade, a cárcere. Unha España que se sumiu no letargo do inverno eterno da intransixencia, do abuso, da falta de cultura, de hospicios con aceite de ricino, de traballos forzados, de cabezas rapadas e paredóns de madrugada, para agochar a vergoña, o sórdido daqueles atropelos, daqueles asasinatos inxustificados, ruíns e faltos de humanidade.

Obxectos con alma que desprenden amargura, dor, derrota, impotencia e desacougo pero que, con todo, son aínda obxectos con vida propia que reivindicán, a pesar de todo, unha forza inquebrantable e que exhalan con sorpresa un aroma de esperanza, que cantan aos catro ventos que aínda

teñen sentido, que son parte da historia e non se axeonllan ao paso do tempo porque foron gardados, coidados e aloumiñados polos seus seres queridos como un tesouro vital. Porque eses utensilios fan que sigan presentes as persoas que os posuíron, porque esas pequenas cousas fan posible que hoxe estean entre nós e que non nos esquezamos da súa existencia. O esencial é invisible aos ollos e estas pequenas cousas son a esencia de seres humanos que teñen dereito a que conservemos o seu recordo por sempre, para sempre.

A alcaldesa, Inés Rey, en nome do Concello da Coruña, agradécelles a todas as familias das vítimas da represión franquista, participe desta exposición, que compartisen connosco esa parte tan íntima da súa dor, das súas pequenas cousas.

CAMIÑANDO COA MEMORIA CARA AO FUTURO

Manuel Vilar Álvarez

Director do Museo do Pobo Galego

Fronte a unha historia escrita, ás veces descarnada e fría por analítica ou por glorificadora, hai unha historia viva e emotiva. A primeira preséntanos un pasado aprendido, a segunda un pasado vivido.

Falamos de memoria. A memoria é un proceso na construción da nosa identidade polo que desbotamos e apropiamos imaxes e recordos, afastamos uns até esquecelos, aproximamos outros para telos presentes. Parafraseando a Stefan Zweig diríamos que non considero a nosa memoria como algo que retén unha cousa por mero azar e perde outra por casualidade, senón como unha forza que ordena a sabendas e exclúe con xuízo. Todo o que esquece o ser humano da súa propia vida, en realidade xa moito antes tiña estado condenado ao esquecemento por un instinto interior.

A memoria non é un relato fiel do pasado, é unha mirada perspectiva realizada desde o presente, porque é no presente onde se activa por necesidade. Pode ser feble e fuxidía, mais deixa pegadas que só sobrevivirán se somos capaces de interpretalas desde a realidade actual. Hai recordo se hai sitio para el no presente.

A idea de memoria está presente seguramente desde que o ser humano anda sobre o planeta terra, mais os conceptos relacionados con procesos sociais, como son os de «memoria

social», «memoria colectiva» ou «memoria histórica», son relativamente modernos, tanto que aínda non concordamos nunha denominación concreta. E podemos seguir ampliando a lista con conceptos que ocultan perigos e desencontros, como «memoria borrada», «memoria manipulada» ou «memoria ferida».

Sería Maurice Halbwachs, o creador do concepto «memoria social», quen afirmou que toda memoria é social, incluída a memoria individual. Quizais non está de máis lembrar que Maurice Halbwachs morreu no campo de concentración nazi de Buchenwald. Os feitos que se recordan están situados nun contexto social, demarcados por uns «marcos sociais» que determinan os recordos e facilitan a interpretación social. As emocións tamén responden a comportamentos culturais pautados, nunca son estritamente individuais. Só aquilo que eu quero conservar ten dereito a ser conservado para os demais, afirmaría Stefan Zweig.

O historiador francés Le Roy Ladurie diría que a memoria se estrutura por parámetros verticais e horizontais, é dicir, a nivel de grupo familiar e do social. Esta premisa faina en referencia á sociedade rural, mais pode valer igualmente para a sociedade posindustrial ou posmoderna, aínda que os marcos sociais sexan agora máis difusos ou líquidos. Hoxe a memoria tamén se constrúe nestas dúas direccións.

Onde si concordan os estudosos é que hai distintas memorias, así como que sen memoria as persoas pérdense, están en branco, non saben quen son e só o recordo virá a sacalas dese impasse anódino, como lle pasou a Marcel Proust cando

espertou no cuarto de Combrey falto de referentes. «Alguém que está perdido no espazo é alguén que está perdido no tempo», di o escritor portugués Gonalo M. Tavares.

Sen memoria non hai vida en sociedade, non nos entendemos e para vivir en sociedade temos que comprender e comunicarnos, queremos que nos comprendan e queremos comprender. Para isto a sociedade ten que dispoñer de institucións que xeren confianza, que fomenten e fortalezan os lazos de solidariedade e o sentido común. Está demostrado que alí onde estes lazos son máis fortes a xente é máis feliz. Todos queremos ser felices e vivir nunha sociedade ditosa. Mais isto non será posible se se oculta unha parte da memoria, se falamos dunha memoria borrada, sabendo que unha parte da sociedade reclama esa memoria. No camiño cara á normalidade social e cara á confianza social está recuperar a memoria por medio de políticas de recordo. Este é un traballo que ten tamén cabida nos museos como institucións culturais, permitindo recordar acontecementos e posibilitando así que a sociedade civil lles outorgue significados concretos.

Un museo, como o Museo do Pobo Galego, con fondos preferentemente dos denominados etnográficos, é un museo de sociedade, un museo que fala da vida das xentes que utilizaron eses obxectos, da memoria a eles vinculada. Os obxectos contan historias porque gardan memorias. Entón, pódese dicir que é un museo da memoria, de memoria social. E a memoria non ten só relación cos útiles de traballo ou cos da vida cotiá, ten tamén que ver con feitos da vida en sociedade. Isto implica ter que mirar á sociedade civil na que estamos inseridos, estar en contacto constante, atender as súas demandas, estar atentos

ao presente, tratar de compartir e sermos útiles: compromiso cívico. E no presente está a demanda de recuperación da memoria dos represaliados, intención de conservala e cultivala. Hai que dicir que a etnografía non é un saber arqueolóxico nin de sociedades distantes, é o estudo do presente, da sociedade na que vivimos. A denominada memoria histórica é unha demanda presente na nosa sociedade, algo que afecta e preocupa a unha parte da cidadanía.

A exposición As pequenas cousas ten unha profunda carga de emotividade, mais tamén unha necesidade de ser compartida, unha necesidade comunicativa, de encontro. As institucións culturais, como pode ser un museo, estamos para achegar esas vías que permitan a comunicación desas emocións que van máis alá do individual, actuando como lugares de interacción, referentes dunha memoria cívica que debe traspasar os límites do local, pois o tema implica ao ser humano, é cívico, traspasa fronteiras, é transnacional.

Repetir os nomes dos mortos é unha obriga dos vivos. O xa citado escritor portugués di que «não se caminha com os pés para o paraíso, caminha-se coa memória». Os museos, como institucións culturais, teñen que camiñar coa memoria. Volvemos a Stefan Zweig: «así que faldade recordos, elixide vós no meu lugar e dade cando menos un reflexo da miña vida antes de que se mergulle na escuridade!».

AS PEQUENAS COUSAS DUN TEMPO DE ESPÍNAS

Jorge Moreno Andrés

Comisario da exposición As pequenas cousas

*Así es mi vida,
piedra, como tú.*

León Felipe

As pequenas cousas é unha exposición itinerante sobre aqueles obxectos que gardaron e ocultaron as familias das vítimas do franquismo durante décadas e que condensan a memoria das persoas ausentes. Un pano, unha fotografía cosida, un anaco de carbón levado ao exilio ou unha carta de despedida escrita antes de que unha persoa sexa asasinada, son algúns dos materiais que conforman esta mostra. Pequenos obxectos que poden parecer insignificantes pero que son as cousas máis importantes que gardou toda unha xeración que tivo que relacionarse coa ausencia a través do pouco que quedou. E o que quedou conserva nas súas engurras, costuras ou suturas a forma precisa dunha memoria que tivo que engurrarse, coserse, esconderse ou murmurarse para poder sobrevivir.

Os espazos habitados polas pequenas cousas non só foron lugares de memoria, tamén foron espazos de resistencia cotiá e de esperanza. En moitos casos foron custodiados por mulleres que ocultaron nos lugares máis profundos dunha casa os recordos máis valiosos. Nese sentido a exposición transita por cuartos, salóns, petos, caixóns ou carteiras, pero tamén por rexistros civís ou arquivos militares que mantiveron ocultas pequenas mensaxes e obxectos que nos permiten dar a versión dos vencidos. Dunha casa pasamos a outra, dun arquivo saltamos a outro para rematar recalando nas exhumacións

contemporáneas, lugares nos que xunto aos restos de persoas tamén aparecen obxectos.

Os materiais que conforman esta exposición teñen iso que os antropólogos do século XIX chamaban «mana», obxectos sinxelos que conteñen unha contundencia significativa, emotiva e simbólica que fan que a súa soa posesión proxecte a forza máis alá. Unha pequena carta, una fotografía rota ou unha pedra con marcas de sangue tiñan unha forza moi grande dentro das casas onde se escondían. Proba diso son os desgastes que conteñen e que supoñen a mostra palpable de como os obxectos cobraron vida e se vincularon emocionalmente a quen os custodiou durante moito tempo. Nese sentido, esta exposición pregúntase de que maneira algo pequeno pode dar lugar a un discurso grande, de que maneira aquela forza das pequenas cousas que primeiro estiveron ocultas nun caixón agora pode impregnar cos seus ecos a unha sociedade enteira.

Esa é a intención dunha exposición itinerante que, nada dunha investigación de longa duración realizada polo grupo Mapas de Memoria en Cidade Real, busca desprazarse a outras cidades para darlles altofalante pero tamén para que outros obxectos saian á luz e se integren na mostra. Unha forma de darlle protagonismo a estes materiais é esta que realiza o Concello da Coruña coa creación dunha carpeta con postais da exposición. Unha maneira de que os obxectos escondidos e empequenecidos se agranden, prolonguen a súa voz e sigan vivindo noutras casas, noutras mans, noutro tempo.

AS PEQUENAS COUSAS

EXPOSICIÓN

Organiza:
Concello da Coruña
Concellería de Educación e Memoria Histórica

Produce:
Mapas da memoria
UNED
Deputación de Cidade Real
Museo do Pobo Galego
Mostra Internacional de Cinema Etnográfico

Comisariado:
Jorge Moreno Andrés
Alfonso Villalta Luna
Gonzalo Ballesteros Martín
Mariano Comino

Coordinación do Museo do Pobo Galego:
Ana Estévez Lavandeira
J. David Conde Lourido

Colaboran:
Asociación para a Recuperación da Memoria
Histórica (ARMH)
O Falado da Memoria

PUBLICACIÓN

Edita:
Concello da Coruña

Deseño:
Urdime

Impresión:
AG Agencia Gráfica

Depósito Legal:
C 1323-2020

A Coruña 2020
30 de outubro a 28 de novembro
Fórum Metropolitano



Fotografía cosida de Benita Lillo

Colección particular da familia Godoy Lillo

Ás veces, unha fotografía contén varias memorias; é o caso da fotografía de Benita Lillo que formaba parte do pequeno paquete de papeis que deixou o seu home, Anastasio Godoy Hervás. El estaba no cárcere de Cidade Real, ela no cárcere de Xerona. Nunha das cartas que el lle escribiu á súa dona, o 20 de febreiro de 1941, oito meses antes de ser levado arrastro, pola grave enfermidade que padecía, diante do paredón do cemiterio de Cidade Real para ser fusilado, dicía: «[...] dime cando saibas dos rapaces, se che escribiron... pois é do que máis me acordo. Case sempre estou co teu retrato e o deles e así paso momentos agradables». Esta fotografía retornou á propia Benita, desgastada, cosida, intensamente vivida no interior do cárcere.



Caixa de recordos de Ángela Ruiz

Colección particular da familia Ruiz

Nesta caixa comparten espazo os obxectos que Ángela herdou da súa avoa Saturnina e do seu avó Ángel, ao que só coñecería por un vello retrato. «Esa fotografía do meu avó sempre a collía a miña avoa, ás veces poñíaa sobre a mesiña, apertábaa contra o peito, choraba, bicábao...». Despois da morte de Saturnina a súa neta gardou algunhas cousas pequenas no interior dunha caixa. Alí comparten espazo unhas cartas vellas, unha tabaqueira e a fotografía de Ángel. Con iso, unhas tixeiras, unhas luvas, material de costura e tamén unha bolsiña coas boliñas de anís «que a ela tanto lle gustaban». Case parecera unha caixa fúnebre onde o corpo do avó ocupa o centro da escena, rodeado de todo aquilo que no fondo o mantivo con vida: o recordo da súa avoa, o compromiso da súa avoa por manter presente a memoria do ausente.

20 CIGARRILLOS



COMPAÑIA AGROPECUARIA DE TABACOS

Carmen este mo-
mento voy a tapar
para despidome de ti y de
nuestros hijos mi Papi y
mi Picayuta Carmen mu-
cho acordando me de ti asias
muy buena no te mueres
lo que estas sufriendo ten
resistencia y haciendote
unos togo el camino de
te que esta mi muerte te es
tan sufriendo besos para mi
Marcela y mis chicos este
tuyo tu Picante Perico

Carta de despedida de Vicente Verdejo escrita desde o cárcere de Valdepeñas

Colección particular de Vicenta Verdejo

Vicente Verdejo foi fusilado na madrugada do 29 de outubro de 1940; deixaba á súa dona Carmen con dous fillos pequenos: Gregorio e Vicenta. Horas antes, cun pequeno lapis, no interior dun paquete de tabaco, deixáballes as súas últimas verbas.

«Carmen, neste momento collo o lapis para despedirme de ti e dos nosos fillos, o meu Gregorio e a miña Vicentita. Carmen, morro lembrándome de ti. Fuches moi boa, non mereces o que estás a sufrir, ten resignación e paciencia. Recibes todo o cariño deste que ata a miña morte te esta a querer. Bicos para a miña Marcela e os meus rapaces. Este, teu:

O teu Vicente Verdejo»



Pano de peto coas cousas que tiña Heliodoro Meneses o día do seu fusilamento

Colección particular da familia Meneses

A familia Meneses conserva un tesouro: un atadiño coas cousas que tiña Heliodoro Meneses no peto do seu pantalón a noite na que o fusilaron. O fusilamento presenciouno, agachado, un primo de Heliodoro. Nun momento no que os corpos ficaron abandonados á espera de botalos na foxa común, acercouse ao cadáver e sacoulle do peto do pantalón todo o que tiña. Eses obxectos gárdaos a familia coma un prezado tesouro. O pano que serviu de cofre a esas pertenzas conserva algunhas pingueiras de sangue e acubilla un paquete de tabaco, un libriño de papel de arroz para liar, unha caixa con algúns mistos da Fosforera Española, unha goma de borrar, un anaco de lapis e unha pinza do pelo.



Pequenas pedras de carbón

Recreación do grupo de investigación CRMemoria

Os exiliados levaron con eles innumerables obxectos cotiás que os conectaban co seu lugar de orixe e que lles permitiron manter a memoria duns tempos de esperanza e duns lugares onde se soñou facer realidade algunha utopía. Alejandro Trapero Recuero, mineiro de Puertollano, levou ao seu exilio en Francia uns anacos de carbón do seu pobo. Durante todo o seu desterro tívoos expostos, ben visibles, no centro do moble bar da sala da súa casa. Eses carbóns transmitían forza e enerxía; eran coma obxectos máxicos. Desde a súa sinxeleza querían explicitar aqueles valores compartidos entre os mineiros do carbón de Puertollano e que o franquismo quería igualmente desterrar: dignidade, valentía, lealdade e solidariedade.



Pedras con manchas de sangue de Ángel Ruiz

Colección particular da familia Ruiz

«Cando o mataron quedaron unhas pedras manchadas de sangue. A irmá de miña nai colleunas e envolveunas nun papel, así verde, coma se fora de seda. Tívoas gardadas ata que morreu, sen dicir ren. Antes de morrer díxolle a miña nai o que había no fondo do baúl. Díxolle “aí están as pedras de cando mataron a Ángel”. “Tívenas aí gardadas”, dixo, “sen que o meu home se decatase”. Porque o home era un chola, digamos. Destes que din que son de dereitas pero mortos de fame. Por iso miña tía as tiña agochadas, porque non quería que o seu home nin ninguén se decatara. Despois miña nai trouxo as pedras para a casa. Tíñaas gardadas no caixón. Despois vese que rompeu un anaquiño das pedras e miña nai fíxolle coma unha funda de tea cosida para levala sempre no mandil, levábaa con ela sempre». Vicenta Ruiz.

NOMBRE Y APELLIDOS (10)

~~Libertad~~ Máxima
Vaquero
Gonzalez

Nota marginal

En cumplimiento a la orden de 9 de
Febrero del año actual, se tacha de
oficio el nombre de Libertad y se
le pone en su lugar el de Máxima
por ser el Santo del día de su na-
cimiento.

En

de Cu

día

ante D.

put

Secretario

ocurrido

día

en la

es hijo

quien

después

calva y

nieto

Rexistro de nacemento de Libertad Vaquero

Rexistro Civil de Pedro Muñoz

O 23 de febreiro de 1939 publícase no BOE unha Orde que, redactada polo primeiro Ministro de Xustiza do franquismo, impón un prazo de sesenta días para que os pais cambien as inscricións de nacemento dos seus fillos. Concretamente aquelas «que estivesen viciadas coa designación de nomes exóticos, extravagantes ou demais comprendidos na citada disposición, co obxecto de que poidan solicitar a imposición do nome ou nomes que houbera que substituír polos declarados ilegais. Unha vez transcorrido o prazo designado sen que tivera comparecido no Rexistro algunha das persoas designadas no número anterior, o encargado do mesmo procederá a impor aos inscritos que se atopasen nesa situación o nome do santo do día no que naceron, e se este non consta, o do día no que foron inscritos, debendo elixirse o que sexa máis coñecido ou venerado na localidade. O Xuíz procederá a riscar de oficio o nome declarado ilegal».

Correspondencia carceraria de Anastasio Godoy

Colección particular da familia Godoy Lillo

Anastasio Godoy, en varias das cartas que envía á súa familia, pídelles que malvendan a súa única posesión, un armario, para poder mercar uns selos e papel que lle permitan seguir en contacto cos seus.

«Almodóvar do Campo, 17 de outubro de 1940. Queridísima esposa, que te atopes ben en unión da túa nai e irmá. Recibín a tarxeta coas túas señas, pero tiña necesidade de escribir ao pobo e mandeille o enderezo e a outra semana tamén lle escribín ao meu irmán e a teu tío Aniceto pola cousa dos rapaces; pois non podes facerte idea do que sufrín por non velos. [...]
A roupa seguen a lavarma as túas irmás, pero non me mandan nin unha nota nin unha carta de Eloy ou de calquera paisano, nin tan sequera me contestaron ao que lles dixen de que venderan o armario polo que lles desen; pois tamén eu sinto ter que vendelo pero ditosos os bens que remedian os males. Xa teño o teu retrato e non teño que dicirche as veces que o hei de mirar. Recordos a túa nai, irmá e para ti un millón de bicos e apertas do teu home que moito te quere. Anastasio»

Douten
(Courbint)
envege du 4-11-72
France



CARTE D'ANALYSE OPTI
LABORATOIRE D'ANALYSES BIOLOGIQUES
R. André Gervais 100000 - 100000
G. MORELLE Pharmacien
Château F. MORELLE
100000 - 100000



MIGUEL G. MADRE
EL DIA
Berta 100
Francisco 100
Miguel 100
Miguel 100
Miguel 100

Le plus sûr...
Le plus sûr...
Le plus sûr...



CARTE PERMANENTE
DE TRAVAIL
G. N. BERTH



Carteira do exiliado Casto Muñoz

Colección particular Alice Ortiz

«O meu pai sufría do corazón e tiveron que operalo. Ese día estaba eu con el e antes de entrar no quirófano doume a súa carteira. Morreu na operación. Na carteira tiña o máis importante. Fotos de miña nai, dos meus fillos, miña... Un día, mirándoa, atopei algo que non sabía que existía. Era un papeliño escrito por el que di: “O meu querido pai morreu o día 23 de marzo de 1940. Benito o 9 de novembro de 1940. Francisco o 24 de xullo de 1941. A miña nai querida o 6 de marzo de 1945. Que todos descansen en Paz”. Para o meu pai era moi importante a súa familia. A carteira está coma o día no que se foi. De cando en vez ábroa, nada máis que por abril». Alice Ortiz.

Ese pequeno papel é para Casto o lugar onde descansan os seus mortos. En lugar dun cemiterio, el saca o papel e contempla a seus irmáns e pais. Isto revélanos a centralidade dese documento nas prácticas funerarias dun exiliado, dun home que forzado a ter que vivir na distancia, acostúmase a levar aos seus mortos sempre no peto.



Cubo onde Vintila colocou as fotografías dos cinco asasinados da súa familia

Colección particular da familia Vera Cardos

«Meu pai non era amigo de facerse fotografías e de casualidade temos unha foto. Había unha nena que se chamaba Fermina servindo na pousada. Veu un fotógrafo ao pobo, e a nena díxolle ao meu pai: “Nicolás, atreveste a sacarte unha foto comigo?” e dixo: “eu, si”. Púxose meu pai sentado nunha cadeira e ela, coa man por riba do ombreiro de meu pai. Fixéronlles a foto e levoulle a Fermina. Nós non tiñamos ningunha foto de meu pai. Nin sabiamos nada, nin sequera el o dixerá na casa: “fíxenme unha foto”. Para el aquilo pasou e pasou, ela levou a súa foto e xa. Pero ao saber do seu asasinato, a familia de Fermina tróuxonos a foto.: “tomade, recortamos a miña irmá e traemos ao voso pai”. Miña nai gardou a fotografía de meu pai toda a vida no seu bolso. Levaba con ela sempre a foto de meu pai e a dos seus irmáns... fusilados todos eles. Cando miña nai morreu deixou o bolso na miña casa e eu collín os retratos. Entón vin este dado, contei os lados e dixeran: “aquí poño eu aos meus tíos e a meu pai”». Vintila Vera.



Abarcas atopadas nunha exhumación

Fotografía de Óscar Rodríguez

En abril do 2004 un soldado que en 1941 estaba a facer o servizo militar forzoso, mandaba unha carta anónima ao alcalde de Fontanosas, na que confesaba ter sido obrigado a fusilar nese ano de 1941 a sete veciños da aldea e indicáballes ao alcalde o lugar onde foran cavadas as foxas para enterrar aos fusilados. Cando abriron as foxas o primeiro que apareceu foron unhas abarcas, e este calzado típico dos campesiños pobres daqueles anos e de anos posteriores, non so deron a pista de que atoparan o lugar onde se achaban os cadáveres, senón que ademais, as abarcas eran unha sorte de testemuño símbolo de que os asasinados eran campesiños pobres. [...] Walter Benjamin lembra que «Ninguén morre tan pobre coma para non deixar algo». E engade: «Certamente, deixa un legado en recordos -só que ás veces estes nin atopan herdeiro» (*O narrador*, 1998). Ás veces ese legado en lembranzas dos pobres non atopa herdeiros. Só ás veces porque só ás veces os urdidos dese legado son a nosa propia urda, é a memoria/escritura de nós mesmos. (Francisco Caudet, 2006)

3

LARA AL SOL DE LOS PRESOS

Lara al sol limpiando las lentijas
que nos tenemos que comer
puestas en fila por donde
nos quieren ver
no nunca llegan a lograr
ando nos empiezan a contar
una y otra respuestas en fila
menos bien
ando tocan toque de silencio
por que el rancho van a dar
los dan un caso de lentijas
agua disipa
compone el rancho de lentijas
aquellos que Negri nos diga
y ellas nos de resistir
sta la calle salir
veran Banderas victoriosas
España roja a liberar
traeran prendidas cinco rosas
la Internacional
hera a ver la primavera
de Negri y Pasanaria espera
riba Buenos a vencer que los Rojos
con otra vez.

España Roja, España La Vieja
para de Negri y la Pasanaria

Para quien escribo
ya sabrán pasados
en la casa de Luis
estoy durmiendo en el suelo
La cama que no tienen
y queda en la portería
y cuando nos apañan
con las lentijas podras

El hijo de F. M. de

Cara al sol dos presos

Expediente sumarísimo de Rufina Delgado (AGHD. Sum. 6719, leg. 4643)

Entre os expedientes gardados nos arquivos militares atopamos outras pequenas cousas que falan de resistencia. O xuízo contra Rufina Delgado iníciase despois de ter sido atopada unha cuartilla manuscrita que contiña dous himnos subversivos: unha versión do Cara al sol con outra letra e unha adaptación, ao contexto carcerario, do famoso himno republicano Si me quieres escribir. As pescudas levaron a constatar que era un himno entre reivindicativo e de resistencia composto polas presas do cárcere de mulleres de Almodóvar del Campo.

CARA AL SOL DOS PRESOS

Cara al sol limpiando las lentejas
que nos tenemos que comer
y puestas en filas por parejas
cuando nos quieren ver.
Pero nunca llegan a lograr
cuando nos empiezan a contar
así una y otra vez
puestas en fila lo menos cien.

Cuando tocan toque de silencio
porque el rancho van a dar
nos dan un cazo de lentejas
con agua disipá.

Se compone el rancho de lentejas
de aquellas que Negrín os deja
con ellas hemos de resistir
hasta la calle salir.

Volverán Banderas victoriosas
a España Roja a liberar
y traerán prendidas cinco rosas
de la Internacional.
Volverá a reír la primavera
que Negrín y Pasionaria esperan
arriba presos a vencer
que los rojos vuelven otra vez.
España Roja, España La Vieja
España de Negrín y la Pasionaria.

SI ME QUIERES ESCRIBIR

Si me quieres escribir
ya sabes mi paradero
en la cárcel de Almodóvar
estoy durmiendo en el suelo.
La comida que nos traen
se queda en la portería
y a nosotras nos apañan
con las lentejas podridas.

Décimo de Lotería dos anos 50

Colección particular de la familia Robles

«Cando sacaron uns ósos do sitio onde mataron a meu pai fun ao concello e preguntei ao secretario por que non avisaron aos familiares, comentoume que “por non remexer”. Dixeron “remexida estou eu pero por dentro, porque son o meu pai e o meu avó a quen mataron”. As veces que dende aquela botei eu a Lotería para ver se cos cartos me atopaban e me traían a meu pai... A de veces que botei a Lotería! Pero non me toca nunca nada, vese que non teño sorte. Eu só quero que me traian a meu pai e a meu avó. Son 87 anos os que vou facer e só quero iso. Eu non podo traermo, se puidera... pero non podo. Coa paga do campo? Se non tes suficiente nin para comer! Se non, se eu tivera cartos e puidera xa tería traído ao meu pai e ao meu avó ao cemiterio do pobo. Pero non teño un duro... Eu quixera antes de morrer, velos e colocalos eu.» Petra Robles.

A mi querida esposa
e hija en las ultimas
horas de mi vida solo
ospido sepais librar
de los que an atentado
cometer esta injusticia
contra vuestra ser
querida


Antermente calle de
Jose Pedro N° 53
8861 JUN
quien lo recoja que lo
entregue a esta
direccion
Vicente Holli Galiana



Fotografía de despedida

Colección particular da familia Molla

Nesta fotografía aparece Conchita Molla xunto a súa nai. Unha imaxe tomada en 1938 en Onteniente (Valencia) para enviala ao fronte e que seu pai Vicente tivera a imaxe da súa familia consigo na metade do campo de batalla. O soldado recíbea e gárdaa ata o final da guerra cando é detido e encerrado na prisión da Modelo de Valencia. A imaxe compartirá nese momento o espazo de reclusión con Vicente, quen mira a fotografía unha e outra vez para sentirse acompañado. A aquela fotografía, que viaxou dun pobo ao fronte e de alí ao cárcere, aínda lle quedaba a viaxe de regreso. Unha das madrugadas na que varios presos foron sacados do cárcere e metidos nun camión para ser asasinados nunha paraxe próxima a Valencia, Vicente lanzou a fotografía ao aire desde o camión agardando que alguén a recollera e a levara á dirección sinalada. No reverso do retrato están as últimas palabras de Vicente: «A miña querida esposa e filla nas últimas horas da miña vida só vos pido que saibades liberarvos dos que atentarón cometer esta inxustiza contra o voso ser querido. Onteniente, Calle de San Pedro número 53. Quen o recolla que o entregue neste enderezo. Vicente Molla Galiana».



Recordos de Franciso Pena Romero coma prisioneiro en Mauthausen

Cesión do seu fillo Francisco Pena

Francisco Pena Romero conservou toda a súa vida os recordos do seu pasado como prisioneiro do campo de concentración nazi de Mauthausen. Non quería nin podía esquecer. Até o seu pasamento e nos seus peores soños, perseguiulle o son das botas dos soldados nazis. Conservou a chapa de prisioneiro do «stalag» de Estrasburgo, o seu primeiro lugar de reclusión cando foi capturado polo exército alemán en 1940; a imaxe dos seus compañeiros na «appelplatz»; a do seu amigo Narcisse -tan só pel e ósos- tras a liberación; as pulseiras cos números de prisioneiro que lle asignaron na súa entrada ao campo, cando deixou de ser persoa para converterse nunha cifra; un exemplar da primeira edición de *Mauthausen* de Paul Trillard de 1945; os carnés de deportado político e de combatente outorgados polas autoridades francesas; documentos e insignias da súa pertenza á Asociación de deportados. Recordos, símbolos do exilio, a perda da patria e o cautiverio dun tempo de infamia que xa forma parte da Memoria do seu fillo Francisco, quen se rebela contra o esquecemento coa dignidade e o respecto que lle outorga o sufrimento polo triste destino do seu pai. María Torres.



Exhumación de Castroncelos (Pobra do Brollón)

Fotografía da foxa numero 1. Botón de puño de esmalte

José Rodríguez Silvosa era de Lugo e era xastre. Pola súa defensa da República tivo que fuxir ata que, en xullo de 1938, o sacaron da casa onde se agochaba e foi asasinado e foi enterrado no adro da igrexa de Castroncelos. A petición dos familiares, a ARMH identificou o lugar de enterramento e exhumou os corpos en xullo de 2016.

A familia conta a biografía e o sucedido antes do asasinato e contan de cantas familias felices romperon un día en anacos coa desaparición dun dos seus. Na foxa número 1 estaba depositado o corpo de José Rodríguez Silvosa cos obxectos dos que informa o arqueólogo René Pacheco: «un cinto, unha presilla metálica unhas chaves, uns botóns de nácar pequenos e outro máis grande, elementos tubulares, elementos metálicos dunha posible fibela metálica, unha presilla, calzado e uns botóns de puño».

A José Rodríguez Silvosa vano buscar. Traxe novo e zapatos, botóns de puño e cinto... Ben amañado para recibir esa morte tan indigna. Carmen García-Rodeja.



Afeites e retrato de «As Marías», irmás Fandiño Ricart

Colección Museo do Pobo Galego

Trece eran as fillas e os fillos de Consuelo Ricart e Arturo Fandiño. El, zapateiro e ela, costureira e bordadora, con obradoiro na súa casa, na rúa de Abaixo, profesión que van a compartir as súas fillas. Maruxa, Coralía e Sarita —a terceira morreu moi nova— viviron a súa mocidade naquela Compostela que tanta esperanza tivo na República. As Marías aprenderon liberdade, dereitos e sindicalismo na súa propia casa, escoitando os seus irmáns Manuel, Antonio e Alfonso, destacados líderes da CNT. A sublevación militar franquista e a represión feroz chegou á familia Fandiño Ricart. Os irmáns lograron fuxir, mais a nai e as irmás, tiveron que vivir as ameazas, o aceite de rícino, o pelo rapado, a visita dos falanxistas a calquera hora do día ou da noite. Tratáronas de «putas» e o traballo como medio de sustento e de dignidade desapareceu. E «as Marías», as mulleres máis coñecidas e retratadas de Compostela, Maruxa (1898-1980) e Coralía (1914-1983), crearon un mecanismo de defensa para sobreviviren: tolearon, e na súa loucura recuperaron o soño da mocidade: escualidas e sen dentes, vestíronse de luz e cor e, cheas de afeites —po de arroz, colorete e carmín— saían pasear nese Santiago da mediocridade, desafiaban o gris do clima e da mente das xentes co seu facho de luz permanentemente aceso. Encarna Otero Cepeda.